

Proxecto de orde pola que se convocan prazas para a mellora da competencia lingüística e comunicativa. PIALE

A CIG-Ensino manifestou unha vez máis o seu desacordo con este modelo de formación en linguas pensado para potenciar os centros plurilingües e as seccións bilingües, e non para a adquisición de maior competencia en lingua estranxeira polo conxunto do profesorado e que está tendo consecuencias no propio CXT ao ofertar prazas moi solicitadas como bilingües, e incluso sacar ao mesmo prazas de seccións.

Non vemos unha aposta decidida polo portugués, especialmente no que ten a ver coas seccións bilingües.

Destacamos unha vez máis a ausencia do italiano. *Din que non o inclúen xa que non hai seccións de italiano, deixando claro cal é a función da convocatoria.*

Desde o noso punto de vista a xestión das estadías debería ser de xestión directa. *Non contestan.*

Somos conscientes de que aumentaron cinco prazas, pero pensamos que se deben incrementar aínda máis o número de prazas, especialmente en portugués e inglés para o profesorado de formación profesional.

Hai licenzas que se solapan co período das vacacións, e isto é un traballo, as vacacións son un dereito e non poden solaparse. *Din que así é, pero que non van cambialo.*

Entendemos que a adxudicación de Piale, nos casos que coincida en datas co desenvolvemento dos procesos selectivos, será causa para exención de participación nos tribunais. *Din que é de sentido común.*

Estamos en desacordo coa obrigatoriedade de ter o nivel B2. Reclamamos que poida acceder a esta actividade o profesorado que non ten ningunha formación en linguas. *Non o aceptan, remarcando que PIALE non é unha formación inicial, que o profesorado xa ten que ter coñecemento das linguas.*

Que a comisión de selección estea composta por persoal técnico e con competencia nos idiomas. *Non o aceptan.*

Aledámonos que anos despois se nos fixera caso na imposibilidade de acadar un nivel superior ao acreditado no momento de presentación da solicitude (artigo 4), e que se eliminara a proba, tal e como pedíamos.



Artigo 5, entendemos que o persoal

interino ten que ter acceso en igualdade. É un dereito, ademais en coherencia ao que di a lexislación europea. En todo caso tería preferencia quen non participou, despois os que participaron. *Non o aceptan.*



EOIs. Aínda que a redacción é confusa

queremos entender que a modalidade **1.b)**

Actividade 2 é para todo o profesorado de

inglés, tamén para o de EOI, e que na **1e) actividade 5** ten preferencia o profesorado do corpo das EOIs fronte ao que imparte, é así?. [A administración di que o que fan é dar preferencia na actividade 5 ao profesorado do corpo das EOIs, pero non limitan a posibilidade, de quedar prazas.](#)



Formación Profesional. Como sabemos co novo RD de ordenación de FP todos os ciclos terán un módulo obrigatorio que é Inglés Técnico, aínda que estamos en desacordo con como está prevista a aplicación desta medida (que sexa o profesorado con atribución en cada familia profesional quen o imparta) solicitamos incrementar as prazas para a formación do profesorado de FP en inglés mediante cursos e estadias.

Desde a CIG-Ensino insistimos en que en Galiza nalgúns ciclos podería ter moito máis sentido incorporar un módulo doutro idioma estranxeiro (véxase na comarca de Vigo os ciclos da familia de automoción que teñen como principal saída laboral o entramado de empresas que hai arredor da multinacional francesa Stellantis ou o portugués en moitas familias profesionais polos intercambios comerciais co país

veciño), mais en todo caso, non pode ser que de novo o profesorado dunhas ensinanzas teña que afrontar un novo reto profesional formándose pola súa conta.
[Non respontan.](#)

Sobre o baremo a CIG-Ensino propón:

- ★ Incrementar a puntuación da antigüidade de tres a seis puntos. [Non o aceptan.](#)
- ★ Reducir o apartado 2.4 de 4 a 2 puntos. [Non o aceptan.](#)
- ★ Apartado 2.6. Solicitamos que se faga unha estratificación en función da participación: que se recolla a prioridade das persoas que non participaron nunca. Se non se acepta a nosa proposta de facer grupos de prioridade segundo teñan ido ou non, habería que incrementar a 15 puntos que favorecería ás persoas que nunca foron. [Non o aceptan.](#)

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal